



CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO A TRAVÉS DO MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE, E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, EN MATERIA DE ESTATÍSTICA, ANO 2017.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Ordenación Forestal **DECLARA:**

Que a Dirección Xeral de Ordenación Forestal formalizou co Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 21 de decembro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a acción conxunta das partes asinantes, en materia de estatística agraria e gandeira, para levar a cabo, durante o ano 2017.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte: as partes consideran conveniente subscribir un Convenio para a harmonización e comparabilidade das estatísticas elaboradas en virtude das súas competencias, así como para establecer unha única fonte de recollida de información, que evite duplicidades, diverxencias e molestias ao informante e minimize o custo que supón a execución do Programa Estatístico, garantindo o suficiente grao de cobertura, fiabilidade e oportunidade, acorde coas esixencias da normativa nacional e da Unión Europea.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Ordenación Forestal

